

Consello Galego de Relacións Laborais

**MEMORIA DE ACTIVIDADES**

**2012**



**CONSELLO GALEGO  
DE RELACIÓNS LABORAIS**



Consello Galego de Relacións Laborais

---

**MEMORIA DE ACTIVIDADES**

**2012**



**CONSELLO GALEGO  
DE RELACIÓNS LABORAIS**

Edita:

**Consello Galego de Relacións Laborais**

Algalia de Abaixo, 24

Tel.: 981 541 601

Fax: 981 541 610

E-mail: [info.cgrl@xunta.es](mailto:info.cgrl@xunta.es)

15781 Santiago de Compostela

Realiza: Bolanda, ediciones y marketing

ISSN: 1889-5395

Dep. Legal: C 1622-2009

Esta memoria pode consultarse tamén no sitio web do Consello: <http://cgrl.xunta.es>



Foto

—  
Demetrio Fernández López, presidente do Consello Galego de Relacións Laborais

## PRESENTACIÓN

Rematado o ano 2012, cómpre facer un repaso do que foi a actividade do Consello Galego de Relacións Laborais ao longo do ano. Foi este un ano tremendamente difícil para a economía, para o mundo laboral en xeral e para o Consello en particular.

Comezamos o ano cunha reforma laboral profunda, (outra máis), que veu a modificar dun xeito moi substancial elementos clave das relacións laborais nos que o Consello intervéñe dun xeito moi activo. Os cambios en materias como a negociación colectiva sumiron aos aplicadores do dereito do traballo nunha sorte de perplexidade, froito de sucesivas reformas desde o ano 2010, demasiado seguidas no tempo e mesmo algunhas contraditorias coas anteriores. A crise económica manifestou a súa cara máis amarga e dura na destrución de empresas e de emprego que se mantivo todo o ano, e foi 2012 un ano no que se convocaron dúas folgas xerais no noso país.

Neste contexto, o Consello tratou de desenvolver o seu papel consultivo, de apoio á negociación colectiva, de

solución extraxudicial de conflitos e de fomento do debate social do mellor modo posible, para axudar, apoiar e reforzar o marco de relacións laborais que temos en Galicia, e para apostar por valores e pautas de entendemento, de negociación e de diálogo permanente entre empresas e persoas traballadoras.

Dúas cuestións condicionaron dun xeito notable a actividade do Consello neste 2012: por unha banda, o anuncio feito na primeira metade do ano por parte do presidente da Xunta de Galicia da posible integración do CES-Galicia dentro do Consello Galego de Relacións Laborais e, por outra, a notable minoración orzamentaria que sufrimos a metade de ano. Respecto da primeira, o Pleno do Consello manifestou a súa posición no mes de setembro no senso de que calquera cambio que afecte á configuración do Consello debería de facerse contando co consenso das organizacións que integran o propio organismo. Resulta de todo punto lóxico, tratándose dun organismo de participación e integración e dun punto de encontro común das organizacións empresariais e sindicais

—  
**MEMORIA**  
**2012**

máis representativas de Galicia, que non se pode nin debe regulamentar á marxe dos seus integrantes. Respecto da minoración orzamentaria, pola súa contía, polo imprevisto dela e pola data na que se produciu ben avanzado o ano, provocounos serios problemas organizativos e obrigounos a agudizar o enxeño e a extremar o tento para poder seguir prestando un servizo público con calidade e eficacia. A pesares diso, tal e como manifestou o Pleno, quedou algunha actividade sen poderse desenvolver, que esperamos poder retomar no 2013.

Con todo, a mediación en conflitos e folgas ao abeiro do AGA chegou a máis de tres mil empresas e a máis de 32.000 persoas traballadoras, a axuda e apoio á negociación colectiva plasmouse en máis de 80 xuntanzas celebradas no Consello, a participación de asistentes ás xornadas celebradas en toda Galicia superou con creces o milleiro de persoas e a actividade consultiva desenvolveuse con absoluta normalidade. Así mesmo, no ano 2012 acordouse un novo texto do AGA, para adaptalo á nova realidade laboral, e aprobáronse diversas cláusulas tipo e recomendacións en materia de negociación colectiva.

Como acostumo a recordar sempre, todo o traballo feito foi posible grazas a dúas pilas: a profesionalidade e bo facer do persoal do Consello e a identificación co Consello así como a xenerosidade de UGT-Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia, CIG e CEG.

Nada do feito durante este ano sería posible sen estes dous puntais, sendo imprescindible agradecerlo, poñelo en valor e recoñecelo publicamente.

Espero e desexo que esta memoria de actividades axude a coñecer e a valorizar o traballo desenvolvido en condicións difíciles polo Consello Galego de Relacións Laborais no último ano, do mesmo xeito que estou seguro de que no 2013, no que se cumpren 25 anos da nosa creación como instrumento a prol das relacións laborais galegas, se intensificará cualitativa e cuantitativamente a nosa actividade en beneficio de todas as galegas e galegos e en beneficio do eido laboral.

Un saúdo

**Demetrio Fernández López**  
Presidente do Consello Galego  
de Relacións Laborais

—  
**MEMORIA**  
**2012**

**CERTIFICACIÓN**

Marisa Peña Cebreiro, secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais,

CERTIFICA: Que na xuntanza do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, celebrada o 31 de xaneiro de 2013, foi aprobada por unanimidade a memoria de actividades do Consello correspondente ao exercicio de dous mil doce.

Santiago de Compostela,  
31 de xaneiro de 2013

—  
**MEMORIA**  
**2012**

## ÍNDICE

O Consello Galego de  
Relacións Laborais

Páxina

—

**7**

Xuntanzas do Pleno e da  
Comisión Permanente en 2012

Páxina

—

**19**

Emisión de ditames

Páxina

—

**27**

Solución autónoma de  
conflictos: xestión do AGA

Páxina

—

**37**

O papel do Consello na  
negociación colectiva

Páxina

—

**51**

Cursos, xornadas e seminarios

Páxina

—

**69**

Publicacións periódicas e estudos

Páxina

—

**77**

Persoal do Consello

Páxina

—

**87**

Gastos orzamentarios

Páxina

—

**91**

# O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Natureza xurídica  
e regulación

Competencias

Composición

Estrutura orgánica  
e funcionamento



—  
**MEMORIA**  
**2012**

## **O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS**

### **NATUREZA XURÍDICA E REGULACIÓN**

A lei reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais, Lei 5/2008, do 23 de maio, publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 11 de xuño de 2008, veu dar resposta a unha demanda dos axentes económicos e sociais galegos, en canto este organismo constitúe o único foro de participación institucional propio, ao non participar nel ningunha outra organización social ou profesional. A lei dota ao Consello de personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins, aínda que o

adscribe organicamente á consellería competente en materia de traballo.

Esta lei veu así mesmo reforzar a neutralidade e non-interferencia na autonomía de sindicatos e asociacións empresariais, ao regulamentar que o nomeamento e cesamento de altos cargos do organismo conte coa conformidade das persoas membros das representacións sindicais e empresariais que integran o seu Pleno.

A súa regulación complétase coa Resolución do 23 de outubro de 2008, publicada no DOG de data 13 de novembro de 2008, pola que o Consello fai público o seu regulamento interno de organización e funcionamento.

---

### **COMPETENCIAS**

As competencias do Consello, establecidas no artigo 3 da lei reguladora e no artigo 10 do regulamento interno, son as seguintes:

- Elaborar e remitirlles, por iniciativa propia, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e

formularlles propostas en materia de política laboral.

- Emitir ditames sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da comunidade autónoma en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente.
- Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao

—  
**MEMORIA**  
**2012**

- principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución española e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios, nos ámbitos territorial e sectorial.
- Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendar a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.
  - Desenvolver as actuacións que considere necesarias para acadar o acordo marco interprofesional sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, previsto na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
  - Promover e facilitar a mediación e arbitraje previstos nos conflitos laborais, por pedimento das partes interesadas. Para tal fin poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitaxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.
  - Ter información actualizada do desenvolvemento do AGA (Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos do Traballo), así como controlar o seu funcionamento e impulsar a súa ampliación.
  - Promover a creación de comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa com-
- posición e as competencias que o Pleno determine.
- Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma tanta información precise para o desempeño das súas funcións.
  - Xestionar os acordos que lles sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.
  - Desenvolver as funcións que o RD 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7.2º.
  - Aprobar o informe anual sobre a situación sociolaboral da comunidade autónoma e a memoria anual sobre a actuación do Consello.
  - Aprobar o orzamento do Consello para cada exercicio.
  - Promover a participación en conferencias ou congresos de interese laboral, así como nas iniciativas de estudos, debates, etc., vinculados coa difusión de cuestións relacionadas co dereito laboral.
  - Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas correspondentes competencias.
  - Aprobar a planificación anual de actividades do Consello.

—  
**MEMORIA**  
**2012**

- Examinar o desenvolvemento das relacións laborais en Galicia e propoñer medidas que contribúan á súa mellora.
- Aqueloutras funcións asignadas ao Consello, non atribuídas expresamente a outro órgano no Regulamento de Funcionamento Interno do organismo.

---

## COMPOSICIÓN

Segundo a súa normativa reguladora, o Consello está integrado por quen exerza a presidencia, a secretaría xeral e por catorce conselleiras e conselleiros, en representación das organizacións sindicais e empresariais que teñan a condición de representativas en Galicia, que se agrupan da seguinte forma:

- A.** Sete persoas membros das organizacións sindicais que superen o dez por cento da totalidade das e dos representantes legais dos traballadores/as de Galicia, computadas o 31 de decembro do ano anterior a aquel no que se produza a renovación do mandato das persoas membros representativas do Pleno do Consello. A súa designación farana, en proporción á súa representatividade, os respectivos sindicatos e serán nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia laboral.
- B.** Sete persoas membros das organizacións empresariais de maior representatividade no ámbito da

comunidade autónoma, considerando como tales, para os efectos desta lei, as que empregan como mínimo o dez por cento do persoal traballador no referido ámbito. Serán designadas por elas e nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia laboral.

As conselleiras e os conselleiros do Consello, tanto titulares como suplentes, serán designadas polas súas organizacións conforme os criterios de equilibrio entre ambos sexos, tal como recolle a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Todas as persoas integrantes do Consello, a excepción da titular da secretaría xeral, terán dereito a voto.

A duración do mandato das persoas con representación é de catro anos, sen prexuízo da súa reelección e da posibilidade de substitución das titulares ou suplentes durante dito período, por proposta da organización á que representen.



### INTEGRANTES DO CONSELLO EN 2012

En 2012, a composición do Consello foi a seguinte:

**Presidente:** Demetrio Fernández López, nomeado polo presidente da Xunta por Decreto 281/2002, do 3 de outubro, que tomou posesión do seu cargo o 7 de outubro de 2002.

**Secretaría xeral:** Marisa Peña Cebreiro, que ocupou este posto en comisión de servizos dende o día 31 de outubro de 2002 ata o 9 de abril de 2003, data na que obtén o citado posto por libre designación (Orde da Consellería de Asuntos sociais, Emprego e Relacións Laborais de 28 de marzo de 2003, publicada no DOG nº 69, do 08.04.2003), tomando posesión o día 10 de abril de 2003.

#### Conselleiras e conselleiros:

- Pola Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia):

##### Titulares:

Eladio Romero Ares  
José Carlos Rodríguez del Río  
Mª Cruz Vázquez González

##### Suplentes:

Domingo Barros Montáns  
Ernesto Fontanes Blanco  
Mª Luisa Rodríguez Vázquez

- Pola Confederación Intersindical Galega (CIG):

##### Titulares:

Fernando Roberto Acuña Rúa  
Manuel Currás Meira

##### Suplentes:

Margarida Corral Sánchez  
Laura Sánchez Bugallo

- Polo Sindicato Nacional de Comisiones Obreiras de Galicia (S.N. de CC.OO.):

##### Titulares:

Maica Bouza Seoane  
Daniel Costas Fernández

##### Suplentes:

José Hurtado Amador  
Nuria Rodríguez Lema

- Pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG):

##### Titulares:

Antón Arias Díaz-Eimil  
Javier García Ruíz

Guadalupe Hervera Iglesias  
Luis Novoa Díaz  
Carlos Oliete Fernández  
José Manuel Pérez Garrido  
Miguel Ángel Puime Rey

Suplentes:

Marina Graña Bermúdez  
María J. de Miguel Pérez

José Antonio Neira Cortés  
Sonia Pardo Díaz  
Fausto Santamarina Fernández  
Alberto Viejo López  
María José Garrido Herrera  
(ata o 10 de outubro de 2012)

---

## **ESTRUTURA ORGÁNICA E FUNCIONAMENTO**

De acordo coa normativa reguladora o Consello, para o exercicio das súas funcións, actúa a través dos seguintes órganos:

### **A. Órganos de goberno**

- Órganos unipersoais:
  - A Presidencia
  - A Secretaría Xeral
- Órganos colexiados:
  - O Pleno
  - A Comisión Permanente

### **B. Outros órganos colexiados**

- O Observatorio Galego da Negociación Colectiva
- O Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames
- A Comisión para a igualdade de mulleres e homes na negociación colectiva
- As comisións de traballo

## **ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO**

### **A Presidencia**

O nomeamento e o cesamento do presidente ou presidenta faise polo presidente/a da Xunta de Galicia, a proposta da persoa titular da consellería competente en materia de traballo, logo de ser aprobada a proposta pola metade máis unha das persoas membros de cada unha das representacións que integran o Pleno do Consello, reunido para o efecto.

A duración do seu mandato será de catro anos, prorrogable a outros catro co pronunciamento previo do Pleno ao respecto.

Son funcións da persoa titular da Presidencia do Consello:

**A.** Exercer a representación do Consello.

**B.** Convocar as sesións do Pleno e da Comisión Permanente, fixar a

—  
**MEMORIA**  
**2012**

orde do día e presidir e moderar o desenvolvemento dos debates.

- C.** Formalizar cantos acordos fosen necesarios para o cumprimento dos fins do Consello.
- D.** Supervisar a xestión do conxunto de áreas e servizos do Consello.
- E.** Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello e velar para que se cumpran as súas finalidades.
- F.** Presentarlle ao Pleno o anteproxecto de orzamento anual do Consello.
- G.** Presentarlle ao Pleno o plan e a memoria de traballo anuais do Consello.
- H.** Adoptar as medidas necesarias para aplicar os acordos aprobados polo Pleno, polas comisións de traballo e polo Observatorio Galego da Negociación Colectiva.
- I.** Convocar, por iniciativa propia ou a instancias do Pleno ou da Comisión Permanente, a persoas técnicas ou expertas para que asistan ás xuntanzas dos órganos colexiados, cando se considere conveniente.
- L.** Visar as actas e os certificados dos acordos acadados no Consello.
- M.** Cantas outras funcións sexan propias da súa condición de titular da presidencia.

### **A Secretaría Xeral**

O nomeamento e o cesamento do secretario ou secretaria xeral faise por orde da persoa titular da consellería competente en materia de traballo entre funcionarios e funcionarias pertencentes ao grupo A, por proposta de quen ostente a Presidencia do Consello, logo de consulta coas organizacións empresariais e sindicais representadas neste. Como a figura da vicepresidencia queda suprimida, a Secretaría Xeral asume as funcións que lle eran inherentes.

Son funcións da persoa titular da Secretaría Xeral do Consello as seguintes:

- A.** Ocupar a secretaría do Pleno, da Comisión Permanente e de calquera outro órgano colexiado que puidese constituírse, asistindo ás reunións con voz pero sen voto.
- B.** Exercer a coordinación técnico-administrativa dos distintos servizos do Consello e velar pola súa eficacia e funcionamento.
- C.** Redactar acta e darlles o curso correspondente aos acordos que adopte o Consello.
- D.** Certificar os actos e acordos que realice e adopte o Consello.
- E.** Despachar copresidente/a os asuntos ordinarios e aqueles outros que lle fosen encargados por aquel.

**MEMORIA  
2012**

**F.** Asumir a dirección do persoal ao servizo do Consello.

**G.** Elaborar o plan e a memoria anuais do Consello para a súa presentación e conseguinte aprobación polo Pleno, dentro do primeiro trimestre do ano.

**H.** Substituír á persoa titular da presidencia nos casos de vacante, enfermidade ou calquera outra causa xustificada, a xuízo do Pleno, así como substituíla naquelas comisións de traballo que o Pleno determine constituír.

**I.** Expedir certificacións das actas, ditames e acordos aprobados polos órganos colexiados por petición de calquera persoa con interese lexítimo.

**L.** Levar o arquivo e custodiar a documentación dos órganos colexiados do Consello.

**M.** Presidir as reunións do Pleno do Consello de nomeamento ou cesamento da persoa titular da presidencia do organismo.

## **ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO**

### **O Pleno**

O Pleno, integrado por todas as persoas que compoñen o Consello, constitúe o máximo órgano de decisión do organismo e ten as funcións especifi-

casadas no artigo 3 da lei reguladora e no artigo 10 do regulamento interno.

Ademais, entre as funcións atribuídas especificamente a este órgano está a de aprobar o orzamento do Consello para cada exercicio, acordar as indemnizacións por razón de servizo que lles corresponda as conselleiras e conselleiros, así como as retribucións aos profesionais que colaboren co Consello e aprobar o regulamento de funcionamento interno do Consello e as súas posibles modificacións.

Os acordos do Pleno do Consello serán adoptados pola maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto, e faranse constar en acta, se fose solicitado, os votos discrepantes, coa súa fundamentación.

### **A Comisión Permanente**

A Comisión Permanente é o órgano de goberno ordinario do Consello e estará composta polas persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral e por seis membros do Consello en representación das organizacións que o compoñen, dos que tres corresponden ás organizacións empresariais e tres aos sindicatos máis representativos.

Entre as súas funcións está a de confeccionar a orde do día das xuntanzas plenarias, elaborar estudos sobre propostas de creación de comisións de traballo, elaborar o orzamento correspondente para cada exercicio, emitir

—  
**MEMORIA**  
**2012**

informe para a extensión dos convenios colectivos nos termos establecidos no artigo 7 do RD 718/2005 e pechar a proposta de planificación de actividades do Consello.

Os acordos da comisión serán adoptados pola maioría absoluta dos seus membros con dereito a voto, facéndose constar en acta, se así se solicita, os votos discrepantes.

## **OUTROS ÓRGANOS COLEXIADOS**

### **Observatorio Galego da Negociación Colectiva**

Para o cumprimento das funcións atribuídas ao Consello no punto c) do artigo 3º da súa lei reguladora, créase dentro do organigrama do Consello o Observatorio Galego da Negociación Colectiva, que se configura como un órgano de carácter colexiado.

Está integrado por seis membros, tres en representación das organizacións sindicais e tres das organizacións empresariais que integran o Pleno do Consello, ademais das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral e poderá contar coa presenza de persoas expertas sen dereito a voto, así como cun asesor/a por cada organización sindical e tres pola parte empresarial.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto.

### **Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames**

O artigo 3 da súa lei reguladora establece como unha das funcións do Consello a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta en materia de política laboral.

Para o desenvolvemento desta función creouse en 1991 o Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames, cunha representación proporcional similar á do Consello e con normas propias de funcionamento, que foron modificadas en 2003. A nova normativa reguladora configura este comité como un órgano colexiado, que garante a eficacia e axilidade na emisión de ditames. O seu funcionamento seguirá as normas previstas no anexo do regulamento interno do organismo.

### **Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva**

A Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia define, no seu Título III, á Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva como un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega adscrito organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais.

Entre as súas competencias está a de asesorar sobre a redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade ou removan discriminacións, a análise dos convenios para detectar cláusulas discriminatorias, a organización de actividades de formación en igualdade de xénero dirixidas a empresas e a organizacións empresariais e sindicais, así como a elaboración de recomendacións xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada entre homes e mulleres.

Esta comisión consta dunha presidencia, que será ocupada por quen ostente a do Consello, tres persoas en representación das organizacións sindicais máis representativas, tres persoas en representación das organizacións empresariais máis representativas e tres persoas de recoñecido prestixio en materia de igualdade por razón de xénero, que participarán con voz, pero sen voto.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que a integran con dereito a voto.

### **Comisións de traballo**

Segundo a súa lei reguladora, o Consello poderá constituír as comisións de traballo que considere necesarias, así como determinar a súa composición.

Integrarán as comisións de traballo as persoas designadas polas organizacións empresariais e sindicais representadas no Consello, en proporción e paridade equivalente á do Pleno, e as

súas competencias serán as que este determine antes da súa constitución.

Estas comisións de traballo examinarán os temas que o Pleno decida e remitiranlle a este a resolución das súas conclusións. A presidencia e a moderación dos traballos nelas desenvolvidos corresponderalle á persoa titular da Presidencia do Consello, ou, de ser o caso, da secretaría xeral.

—  
**MEMORIA**  
**2012**

# **XUNTANZAS DO PLENO E DA COMISIÓN PERMANENTE EN 2012**

Pleno

Comisión Permanente



—  
**MEMORIA**  
**2012**

## **XUNTANZAS DO PLENO E DA COMISIÓN PERMANENTE EN 2012**

### **PLENO**

#### **ORDINARIO: 23 DE FEBREIRO DE 2012 (1/2012)**

- Aprobación, se procede, da acta anterior 5/11.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Aprobación do programa de actividades para o ano 2012.
- Rogos, preguntas e propostas.

Destácase nesta xuntanza a aprobación do programa de actividades do Consello, que se centrou en catro áreas fundamentais:

- 1. Función consultiva,** coa emisión dos ditames sobre proxectos normativos que se lle solicitan.
- 2. Apoio á negociación colectiva,** mediante o estudo e explotación estatística dos convenios, o asesoramento e axuda ás comisións negociadoras e o estímulo e mellora da negociación. Nos últimos anos intensificouse notablemente a intervención do Consello na prestación de apoio técnico e asistencia a comisións negocia-

doras e a comisións paritarias, con independencia do papel ou da intervención que lle poida corresponder ao AGA. Esta función reforzarase no 2012, coa posta en marcha do asesoramento e resposta ás consultas sobre o ámbito funcional de aplicación dos convenios e co ofrecemento, a través da páxina web do Consello, de salas para negociar e presidencias de convenios colectivos, cando así se requira. A **Comisión consultiva autonómica para a igualdade de mulleres e homes na negociación colectiva** traballará no ano 2012 na liña de análise dos plans de igualdade na realidade galega, así como na celebración dunha xornada de promoción da igualdade.

Ábrese neste ano un escenario totalmente novo na configuración tradicional da negociación colectiva, na súa estrutura, no peso de cada unidade negocial, na vixencia e ultraactividade dos convenios, na adaptación obrigatoria da clasificación profesional a grupos profesionais e incluso na posibilidade,

—  
**MEMORIA**  
**2012**

como organismo, que non como sistema de solución extraxudicial, de designar árbitros en determinados bloqueos. **O observatorio da negociación colectiva**, ademais do estudo e explotación de datos, nos que se fará un esforzo de maior dinamismo na procura de datos sobre salarios e xornada, ten terreo dabondo para explorar novos eidos de actuación. De cara ao reforzamento do papel nuclear do Consello na ordenación e racionalización da estrutura e o enriquecemento dos contidos dos convenios colectivos, o observatorio xuntarase con carácter mensual o último venres de cada mes.

- 3. Solución extraxudicial de conflitos:** as últimas reformas laborais reforzaron notablemente o papel da solución extraxudicial de conflitos na realidade das relacións laborais. Este reforzamento coincide cunha intensificación e un maior protagonismo do AGA na intermediación nos conflitos colectivos máis tradicionais.

Cómpre adaptar o texto do acordo antes do 30 de xuño á nova realidade laboral, razón pola cal reunírase a comisión paritaria do AGA tantas veces sexa preciso. Unha vez acadado o acordo e asinado este, habería que facer unha campaña de difusión dos novos eidos de actuación conxuntamente coa distribución de dípticos e carteis

do acordo. Seguerase coa labor de ofrecemento activo do sistema ante as situacións de conflito das que se teña coñecemento.

En materia da solución de conflitos individuais, e tendo un texto de acordo básico do pasado ano, complementarase coas incidencias en que resulte afectado pola nova Lei da xurisdición social e desenvolverá os contactos precisos coa Xunta de Galicia para tentar a posta en marcha no ano 2013.

- 4. Fomento do debate social**, a través das seguintes actividades:

- Publicacións.
- Curso Superior de Relacións Laborais.
- Xornadas.
- Seminarios formativos para cadros empresariais e sindicais.

**ORDINARIO: 27 DE MARZO  
DE 2012 (2/2012)**

- Aprobación, se procede, da acta anterior 1/2012.
- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Aprobación da memoria e das contas anuais correspondentes ao exercicio 2011.
- Rogos, preguntas e propostas.

O máis destacado da xuntanza é a aprobación da memoria anual de actividades e do estado de gastos do Consello.



Foto  
—  
Pleno do Consello en  
Lugo

## **EXTRAORDINARIO: 11 DE SETEMBRO DE 2012 (3/2012)**

Nesta xuntanza extraordinaria houbo un único punto a tratar: a aprobación do posicionamento do Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais respecto da proposta de creación do Consello Económico, Social e Laboral de Galicia. O Pleno debate o asunto e acorda delegar na Comisión Permanente a aprobación do referido posicionamento. A Comisión Permanente, en xuntanza de 1 do outubro, acorda prestar aprobación ao posicionamento do Pleno nese punto, o cal se transcribe a continuación:

Recibida o día 1 de agosto comunicación do portavoz do Grupo Parlamentario Popular que acompaña a unha proposta de creación do Consello Económico Social e Laboral de Galicia, en substitución dos actuais Consello Económico e Social e Consello Galego de Relacións Laborais, o pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, por unanimidade de todos os seus integrantes, deixa constancia da súa posición ao respecto, do seguinte xeito:

**1º** O Consello Galego de Relacións Laborais e o Consello Económico e Social de Galicia cumpren funcións específicas e perfectamente diferenciadas sen que se produzan duplicidades. Mentres que o primeiro é un organismo limitado á participación de sindicatos e aso-

ciacións empresariais, o segundo integra tamén a outros axentes e institucións da sociedade civil. A arquitectura das relacións laborais e socioeconómicas en Galicia, a eficacia de funcionamento e a democracia e participación das organizacións sindicais e empresariais son elementos determinantes para o mantemento do Consello Galego de Relacións Laborais e do Consello Económico e Social con funcións, composición e adopción de decisións independentes entre si.

**2º** A actual Lei reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais, Lei 5/2008 de 23 de maio, é o resultado dunha longa reclamación das organizacións sindicais e empresariais galegas. Foi consensuada con todas estas, e aprobada por unanimidade de todos os grupos políticos no Parlamento de Galicia. Foi precisamente este carácter consensuado o que favoreceu un funcionamento totalmente satisfactorio da devandita lei.

Calquera modificación desta lei debería ser obxecto dun proceso de diálogo, negociación e acordo coas organizacións sindicais e empresariais que conforman o Consello. Ademais, este proceso debería respectar o sinalado na resolución nº 18 do Debate anual de Política Xeral aprobada na sesión do día 13 de marzo de 2012, sendo polo tanto a Xunta de Galicia

—  
**MEMORIA**  
**2012**

a responsable de desenvolver os contactos precisos cos axentes sociais e empresariais, e cos grupos parlamentarios.

**3º** O Consello Galego de Relacións Laborais ven desenvolvendo a súa actividade en Galicia desde 1988, traballando a prol das relacións laborais galegas e da paz social, dun xeito que só cabe cualificar de altamente eficiente se o poñemos en relación cos recursos públicos empregados. Actúa en materias como a formación e información de cadros empresariais e sindicais, a función consultiva, o apoio e mellora da negociación colectiva galega e a solución extraxudicial de conflitos, ademais de ser lugar común e foro permanente de encontro entre sindicatos e empresarios, especialmente necesario nunha situación como a que atravesamos. Toda esta actividade foise incrementando ano tras ano cualitativa e cuantitativamente, mesmo no marco de restricións orzamentarias destes anos, e resulta absolutamente rendible para a sociedade galega en termos sociais e en termos económicos. Nestes intres atópase inmerso en proxectos de ampliación de servizos, especialmente en materia de solución extraxudicial de conflitos, tanto colectivos como de índole individual, segundo a esixencia das últimas reformas laborais e seguindo en outros aspectos a vontade

das organizacións empresariais e sindicais, proxectos que deberían garantirse en calquera situación, pola súa importancia no ámbito laboral de Galicia.

**4º** O pleno do Consello Galego de Relacións Laborais expresa o desexo de que sexan tidas en conta estas consideracións, de maneira que se faga posible continuar mellorando e modernizando as relacións laborais tal e como demanda o conxunto da sociedade galega.

**ORDINARIO: 20 DE DECEMBRO  
DE 2012 (4/2012)**

- Aprobación, se procede, das actas 2/2012 e 3/2012.
- Informe das actividades desenvolvidas ao longo de 2012.
- Indemnización ás organizacións.
- Encomenda ao Observatorio Galego da Negociación Colectiva da emisión de ditames non vinculantes sobre o convenio colectivo aplicable e reformulación da páxina web do Consello.
- Orzamento do ano 2013: aprobación do anteproxecto.
- Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia: toma en consideración.
- Concreción da data de sinatura da modificación do AGA.
- Planificación de actividades do ano 2013.
- Rogos, preguntas e propostas.



Foto  
–  
Xuntanza da Comisión  
Permanente

## **COMISIÓN PERMANENTE**

### **ORDINARIA: 3 DE FEBREIRO DE 2012**

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Planificación de actividades de 2012.

### **ORDINARIA: 16 DE FEBREIRO DE 2012**

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Planificación de actividades de 2012.

### **ORDINARIA: 16 DE MAIO DE 2012**

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Aspectos pendentes das actividades de 2012.

### **ORDINARIA: 25 DE XUÑO DE 2012**

- Información xeral do estado de actividades do Consello.
- Toma en consideración da proposta do comité delegado para a emisión de ditames.
- Recorte orzamentario: análise e debate.

### **EXTRAORDINARIA: 3 DE SETEMBRO DE 2012**

- Punto único: estudo do borrador de proposición de lei para a integración do Consello Económico e Social e o Consello Galego de Relacións Laborais, remitido desde o Grupo Parlamentario Popular.

### **EXTRAORDINARIA: 13 DE SETEMBRO DE 2012**

- Punto único: aprobación do posicionamento do Consello Galego de Relacións Laborais respecto da proposta de creación do Consello Económico, Social e Laboral de Galicia.

### **EXTRAORDINARIA: 1 DE OUTUBRO DE 2012**

- Punto único: aprobación do posicionamento do Consello Galego de Relacións Laborais respecto da proposta de creación do Consello Económico, Social e Laboral de Galicia.

### **EXTRAORDINARIA: 29 DE OUTUBRO DE 2012**

- Punto único: reforma do AGA.

—  
**MEMORIA**  
**2012**

**EMISIÓN DE DITAMES**



—  
**MEMORIA**  
**2012**

## EMISIÓN DE DITAMES

O artigo 1 da lei reguladora do Consello configura a este como órgano consultivo e asesor da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias relativas a súa política laboral.

Neste aspecto, unha das funcións máis salientables do Consello é a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos da Xunta en materia de política laboral. Esta función lévaa a cabo o Comité

delegado do Pleno para a emisión de ditames, que a normativa configura como un órgano colexiado dotado de normas de funcionamento interno, que veñen recollidas no anexo do regulamento interno do organismo.

En 2012 emitíronse, sempre dentro do prazo legalmente establecido, 24 ditames que se relacionan de xeito resumido a continuación. Todos eles recóllense integramente na páxina web do Consello.



Foto  
—  
Comite de ditames

**MEMORIA**  
**2012**

| <b>Ditame</b> | <b>Denominación</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <b>Data emisión</b> | <b>Data publicación DOG</b>                 |
|---------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|---------------------------------------------|
| 1/2012        | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012            | 3 de xaneiro        | 9 de marzo de 2012 (Orde do 27 de febreiro) |
| 2/2012        | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e do Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012 | 13 de febreiro      | 27 de agosto de 2012 (Orde do 21 de agosto) |
| 3/2012        | Anteprojecto de lei de inclusión social de Galicia                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | 24 de febreiro      | Pendente de publicación                     |
| 4/2012        | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia, cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo, e se convocan para o exercicio 2012                                                                                                        | 1 de marzo          | 31 de maio de 2012 (Orde do 11 de maio)     |

**MEMORIA  
2012**

| <b>Ditame</b> | <b>Denominación</b>                                                                                                                                                                                                                                                    | <b>Data<br/>emisión</b> | <b>Data<br/>publicación<br/>DOG</b>         |
|---------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|---------------------------------------------|
| 5/2012        | Proxecto de orde de orde pola que se establecen as bases reguladoras do réxime de axudas e subvencións ás empresas cualificadas como iniciativas locais de emprego (ILES), cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2012    | 7 de marzo              | 24 de agosto de 2012 (Orde do 21 de agosto) |
| 6/2012        | Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2012 e 2013 de programas integrados para o emprego                                           | 7 de marzo              | 8 de xuño de 2012 (Orde do 5 de xuño)       |
| 7/2012        | Proxecto de orde pola que se establece o procedemento de aboamento de cotas á Seguridade Social a traballadores e traballadoras que percibisen a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único e se procede á convocatoria das correspondentes axudas | 20 de marzo             | Pendente de publicación                     |
| 8/2012        | Proxecto de decreto polo que se regula, no marco da participación institucional, as compensacións económicas ás organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas                                                                            | 2 de abril              | Pendente de publicación                     |

**MEMORIA  
2012**

| <b>Exp.</b> | <b>Empresa</b>                                               | <b>Procedemento</b> | <b>Promoción</b>  | <b>Obxecto</b>                                                                                                                                                                                              | <b>Mediador/a</b>         | <b>Resultado</b>        |
|-------------|--------------------------------------------------------------|---------------------|-------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|-------------------------|
| 55/12       | Oh Vigo, SL                                                  | Arbitraje           | Mutuo acordo      | Discrepancias en materia do convenio colectivo aplicable, cláusulas sobre nocturnidade, días de libre disposición, incapacidade temporal, táboas salariais, vixencia e réxime de débedas salariais vixentes | Jose M <sup>a</sup> Casas | Positivo-Laudó arbitral |
| 56/12       | Castelo soluciones estructurales, SLL                        | Mediación           | MCA-UGT           | Modificacións substanciais das condicións de traballo, despedimento de traballadores e desprazamentos                                                                                                       | Ana Pouso                 | Positivo                |
| 57/12       | Urbaser, SA (centro de recollida de RSU do Concello de Lugo) | Mediación           | Mutuo acordo      | Convocatoria de folga                                                                                                                                                                                       | José Vázquez              | Positivo                |
| 58/12       | Sociedad de Estiba do Porto da Coruña                        | Mediación           | Mutuo acordo      | Bloqueo na negociación do convenio                                                                                                                                                                          |                           | En tramitación          |
| 59/12       | Viza Automoción, SA                                          | Mediación           | Comité de empresa | Negociación do convenio colectivo , polas discrepancias en materia de flexibilidade-xornada, salarios e categorías profesionais                                                                             | Jose M <sup>a</sup> Casas | Positivo                |
| 60/12       | Viguesa de Transportes, SL (Vitrassa)                        | Mediación           | Mutuo acordo      | Negociación do convenio colectivo en materia de xornada, vacacións, retribucións e outras                                                                                                                   | Jose M <sup>a</sup> Casas | Positivo                |

**MEMORIA  
2012**

| Exp.  | Empresa                                          | Procedemento | Promoción            | Obxecto                                                                                                                                                       | Mediador/a                   | Resultado         |
|-------|--------------------------------------------------|--------------|----------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|-------------------|
| 61/12 | Hotel Hesperia<br>Isla de La Toja                | Mediación    | Mutuo acordo         | Discrepancias en<br>materia de organización<br>do traballo                                                                                                    | Verónica<br>Martínez         | Positivo          |
| 64/12 | Camino Santo, SL<br>(Hotel Puerta del<br>Camino) | Mediación    | Comité de<br>empresa | Inaplicación do convenio<br>colectivo ao reducirse<br>as retribucións nun 5%                                                                                  | Carlos<br>Domenech           | Positivo          |
| 65/12 | Viza Automoción,<br>SA                           | Mediación    | Mutuo acordo         | Discrepancias en<br>materia de xubilación<br>con contratos de relevo,<br>novas categorías<br>profesionais de entrada<br>e solución de conflitos<br>colectivos | José M <sup>a</sup><br>Casas | Positivo          |
| 66/12 | Tanfresco, SL                                    | Mediación    | FITAG de UGT         | Retraso no pago<br>de salarios e pagas<br>extraordinarias                                                                                                     | Teresa Díaz                  | En<br>tramitación |



Foto  
—  
Mediación AGA

—  
**MEMORIA**  
**2012**

**ADAPTACIÓN DO  
AGA ÁS ÚLTIMAS  
REFORMAS LABORAIS**

A promulgación da Lei 35/2010 e do Real decreto lei 7/2011, do 10 de xuño, que introduce novas e importantes novidades que afectan directamente aos contidos dos acordos interprofesionais sobre solución extraxudicial de conflitos, obriga a revisar antes do 30 de xuño de 2012 se o texto do AGA e os procedementos de solución extraxudicial, que nel se recollen, se adaptan ás previsións contidas na nova normativa. Para isto, reúnese a comisión paritaria do acordo en cinco ocasións ao longo de 2012, para proceder á adecuación e reforma en clave de mellora do AGA, respectando sempre o principio de voluntariedade que o caracteriza.

Así, contéplase no novo texto do acordo a intervención do AGA nos conflitos derivados de bloqueos ou discrepancias na negociación durante os períodos de consultas esixidos nos artigos 40.2, 41.4, 44.9, 47.1 e 2, 51.2 e 82.3 do Estatuto do traballadores; a substitución do período de consultas por unha mediación ou arbitraje acordada polo xuíz nos procedementos concursais; a actualización e adecuación a criterios de proporcionalidade e representatividade da composición da comisión de conciliación e mediación ou o impulso á promoción do procedemento por parte do propio servizo de solución de conflitos do Consello Galego de Relacións Labo-

rais, entre outras novidades que se introducen no texto.

Á hora de redactar esta memoria está pendente de sinatura o renovado acordo interprofesional, aínda que está fixada a data para o próximo 22 de marzo. A CEG e as organizacións sindicais UGT-Galicia, S.N. de CC.OO. de Galicia e CIG asumen unha vez máis a iniciativa e a responsabilidade de dotar a Galicia e ao noso sistema de relacións laborais dun reformado acordo de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, mellorado e modernizado.

# O PAPEL DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Estructura da negociación  
colectiva en Galicia

—  
Participación do Consello na  
negociación colectiva

—  
Órganos da negociación  
colectiva



—  
**MEMORIA**  
**2012**

## **O PAPEL DO CONSELLO NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA**

### **ESTRUTURA DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA**

Dando cumprimento ao mandato da Lei reguladora, o Consello Galego de Relacións Laborais centrou unha gran parte da súa actividade na análise dos convenios colectivos vixentes na Comunidade Autónoma Galega.

A área de estudos de negociación colectiva do Consello realizou ao longo de todo o ano un seguimento puntual dos convenios asinados e revisados en 2012, así como dos que tiveron efectos económicos nese ano. Ademais de atender ás solicitudes de información e múltiples consultas que en materia de negociación colectiva se dirixen ao Consello, consultas que se incrementaron considerablemente a raíz da posta en marcha da páxina web, continuouse co tratamento en profundidade da base de datos de negociación colectiva (Necol), e fixéronse os seguintes informes detallados sobre a materia:

- “Informe sobre a negociación colectiva en Galicia do 01.01.2011 /

31.12.2011” que contén unha análise do acontecido na negociación colectiva no ano 2011.

- Capítulo 9 do Informe sobre a Situación Sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia, que contén unha análise do acontecido na negociación colectiva no ano 2011.
- “Informe sobre a negociación colectiva en Galicia do 01.01.2012 /31.12.2012”. Este informe (en proceso de elaboración) contén unha análise do acontecido na negociación colectiva en Galicia no ano 2012.
- Continuación do estudo sobre o número de traballadores/as afectados por convenios colectivos de sector en Galicia coa adaptación á CNAE 2009.
- Ademais, ao longo do ano elaboráronse informes puntuais para informar ao Pleno e Comisión Permanente da situación da negociación colectiva.

Continuouse coa publicación trimestral do Boletín do “Observatorio da

**MEMORIA  
2012**

negociación colectiva", no que se analiza a conxuntura laboral e a evolución da negociación colectiva e do que se realizaron catro números neste ano 2012.

A continuación reflíctense os datos máis relevantes da negociación colectiva de 2012, datos provisionais que serán completados e ampliados no informe anual.

A 31 de decembro de 2012 existen en Galicia 841 convenios colectivos,

dos que 126 son de sector e 715 de empresa. O número total que aparece recollido no cadro seguinte inclúe a totalidade de convenios que están vixentes no ano 2012, ben porque así o indica a vixencia do propio convenio ou ben porque en virtude de prórroga tácita están en vigor ata que sexan substituídos por outro.

No total reflectido neste cadro inclúense tamén aqueles pactos de eficacia limitada e acordos reguladores dos que se ten coñecemento.

**ESTRUTURA GLOBAL DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA CON  
ESPECIFICACIÓN DO SEU ÁMBITO TERRITORIAL. 31.12.2012**

|                | C. Autónoma/<br>interprovinciais<br>Comunicade A. |               | A Coruña   |                | Lugo      |               | Ourense   |               | Pontevedra |                | TOTAL Galicia |                |
|----------------|---------------------------------------------------|---------------|------------|----------------|-----------|---------------|-----------|---------------|------------|----------------|---------------|----------------|
|                | Nº                                                | Traballadores | Nº         | Traballadores  | Nº        | Traballadores | Nº        | Traballadores | Nº         | Nº             | Nº            | Traballadores  |
| <b>Empresa</b> | 46                                                | 23.366        | 246        | 17.037         | 74        | 5.431         | 66        | 4.216         | 283        | 31.939         | 715           | 81.989         |
| <b>Sector</b>  | 19                                                | 27.473        | 31         | 141.159        | 23        | 25.884        | 21        | 31.223        | 32         | 121.998        | 126           | 347.737        |
| <b>TOTAL</b>   | <b>65</b>                                         | <b>50.839</b> | <b>277</b> | <b>158.196</b> | <b>97</b> | <b>31.315</b> | <b>87</b> | <b>35.439</b> | <b>315</b> | <b>153.937</b> | <b>841</b>    | <b>429.726</b> |

Durante o ano 2012 asináronse ou revisáronse 147 convenios (117 convenios asinados e 30 revisados).

Os convenios asinados por primeira vez foron 14 (son todos de empresa).

Tendo en conta os convenios asinados en anos anteriores que teñen vixencia

ata o ano 2012 ou posterior, o número de convenios colectivos con vixencia expresa para o ano 2012 é de 257 (38 de sector e 219 de empresa) e afectan a 130.140 traballadores/as.

O incremento salarial medio pactado nos 147 convenios asinados ou revisados no ano 2012 en Galicia foi do

**MEMORIA  
2012**

1,47%. Este incremento é inferior ao IPC real estatal (2,9%) e ao galego (2,6%).

No cálculo deste dato tivéronse en conta as cláusulas de revisión salarial que recollen o 25,64% dos convenios asinados e o 43,33% dos revisados.

Sen ter en conta estas cláusulas de revisión o incremento salarial sería do 1,02%.

No cadro seguinte pódese apreciar o incremento nos convenios asinados e revisados de empresa e de sector total e por provincias.

**MEDIA PONDERADA DO INCREMENTO SALARIAL PACTADO**

|                                                     | Convenios<br>asinados<br>sector | Convenios<br>revisados<br>sector | Convenios<br>asinados<br>empresa | Convenios<br>revisados<br>empresa | MEDIA<br>TOTAL |
|-----------------------------------------------------|---------------------------------|----------------------------------|----------------------------------|-----------------------------------|----------------|
| <b>A Coruña</b>                                     | 0,07                            | 3,38                             | 1,75                             | 3,20                              | <b>2,32</b>    |
| <b>Lugo</b>                                         | -                               | 3,17                             | 1,85                             | 3,14                              | <b>3,14</b>    |
| <b>Ourense</b>                                      | 0,05                            | 2,50                             | 2,30                             | 1,76                              | <b>1,15</b>    |
| <b>Pontevedra</b>                                   | 0,55                            | -                                | 1,18                             | 1,77                              | <b>0,70</b>    |
| <b>Comunidade<br/>Autónoma/<br/>Interprov. C.A.</b> | 2,43                            | 2,40                             | 2,79                             | -                                 | <b>2,45</b>    |
| <b>TOTAL<br/>GALICIA</b>                            | <b>0,74</b>                     | <b>3,08</b>                      | <b>1,41</b>                      | <b>2,10</b>                       | <b>1,47</b>    |

Respecto da xornada laboral indicar que dos 147 convenios asinados e revisados este ano, 103 fíxana de xeito anual. A xornada media pactada nestes convenios para o ano 2012 foi de 1.770,27 horas.


No cadro seguinte pódese observar a evolución da xornada pactada no período 2002 – 2012

[Ver páxina seguinte ->](#)

**MEMORIA  
2012**

**EVOLUCIÓN DA XORNADA MEDIA ANUAL PACTADA. GALICIA. 2002 - 2012**

|             | Convenios de empresa | Convenios de sector | TOTAL Convenios |
|-------------|----------------------|---------------------|-----------------|
| <b>2002</b> | 1.707,8              | 1.768,8             | 1.761,7         |
| <b>2003</b> | 1.757,1              | 1.763,0             | 1.762,6         |
| <b>2004</b> | 1.728,4              | 1.766,4             | 1.762,7         |
| <b>2005</b> | 1.724,0              | 1.768,6             | 1.766,5         |
| <b>2006</b> | 1.742,2              | 1.765,5             | 1.764,0         |
| <b>2007</b> | 1.739,4              | 1.768,2             | 1.766,9         |
| <b>2008</b> | 1.697,2              | 1.762,9             | 1.755,3         |
| <b>2009</b> | 1.742,2              | 1.759,3             | 1.758,7         |
| <b>2010</b> | 1.731,9              | 1.773,5             | 1.769,3         |
| <b>2011</b> | 1.725,5              | 1.756,3             | 1.753,1         |
| <b>2012</b> | 1.727,0              | 1.781,0             | 1.770,3         |



**MEMORIA  
2012**

O cadro seguinte reflicte a evolución entre os anos 2003 e 2012 en Galicia dos convenios asinados e revisados

**CONVENIOS ASINADOS E REVISADOS NO PERÍODO 2003-2012**

|             | Convenios asinados |        |            | Convenios revisados |        |           | TOTAL<br>asinados e revisados |                  |
|-------------|--------------------|--------|------------|---------------------|--------|-----------|-------------------------------|------------------|
|             | Empresa            | Sector | TOTAL      | Empresa             | Sector | TOTAL     | Nº<br>convenios               | Nº<br>traballad. |
| <b>2003</b> | 146                | 51     | <b>197</b> | 21                  | 28     | <b>49</b> | <b>246</b>                    | <b>283.706</b>   |
| <b>2004</b> | 157                | 54     | <b>211</b> | 26                  | 21     | <b>47</b> | <b>258</b>                    | <b>301.431</b>   |
| <b>2005</b> | 168                | 50     | <b>218</b> | 21                  | 33     | <b>54</b> | <b>272</b>                    | <b>300.621</b>   |
| <b>2006</b> | 151                | 42     | <b>193</b> | 29                  | 35     | <b>64</b> | <b>257</b>                    | <b>305.100</b>   |
| <b>2007</b> | 154                | 41     | <b>195</b> | 26                  | 29     | <b>55</b> | <b>250</b>                    | <b>367.234</b>   |
| <b>2008</b> | 131                | 43     | <b>174</b> | 21                  | 32     | <b>53</b> | <b>227</b>                    | <b>366.874</b>   |
| <b>2009</b> | 131                | 30     | <b>161</b> | 29                  | 44     | <b>73</b> | <b>234</b>                    | <b>352.936</b>   |
| <b>2010</b> | 117                | 30     | <b>147</b> | 21                  | 31     | <b>52</b> | <b>199</b>                    | <b>175.419</b>   |
| <b>2011</b> | 93                 | 26     | <b>119</b> | 20                  | 25     | <b>45</b> | <b>164</b>                    | <b>205.075</b>   |
| <b>2012</b> | 103                | 14     | <b>117</b> | 14                  | 16     | <b>30</b> | <b>147</b>                    | <b>88.224</b>    |

**PARTICIPACIÓN  
DO CONSELLO NA  
NEGOCIACIÓN COLECTIVA**

**MESAS NEGOCIADORAS E  
COMISIONS PARITARIAS**

O artigo 3.2.c) da Lei 5/2008, do 12 de xullo, pola que se regula o Con-

sello Galego de Relacións Laborais, establece como funcións deste, entre outras, a de fomentar e ampliar a negociación colectiva, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva, consagrado no artigo 37.1º da Constitución, e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.

Foto

1. Comisión paritaria convenio de actores e actrices de teatro

2. Negociación convenio de ambulancias



O Consello, consciente da necesidade de impulsar a negociación colectiva en todos os ámbitos en que as partes interesadas o desexen e, moi especialmente, en sectores desregularizados, potenciou, asesorou e prestou asistencia técnica a cantas comisións negociadoras e comisións paritarias o solicitaron, ata totalizarse 74 xuntanzas desenvolvidas no Consello ao marxe da intervención do AGA.

No exercicio desta función o Consello apoiou tecnicamente o desenvolvemento de diversas mesas de negociación e comisións paritarias de diferentes convenios colectivos autonómicos, entre eles: axuda a domicilio; transporte de persoas enfermas e accidentadas en ambulancia na Comunidade Autónoma de Galicia; empresas organizadoras do xogo do bingo; residencias privadas da terceira idade; actores e actrices de teatro;

instalacións deportivas; pompas fúnebres; aparcadoiros e establecementos regulados de superficie; e eventos, servizos e producións culturais.

En xaneiro de 2012 foi asinado o convenio de pompas fúnebres de Galicia, e se levaron a cabo os contactos e xuntanzas precisas para iniciar a negociación do convenio de empregados e empregadas de parques de bombeiros comarcais de xestión indirecta de Galicia.

Así mesmo, fixéronse os trámites de rexistro telemático de 9 convenios colectivos, 11 revisións salariais, 9 laudos arbitrais, 2 acordos sobre táboas salariais, 5 denuncias, 1 prórroga e 3 acordos sobre materias específicas; todo isto por delegación dos suxeitos lexitimados para levar a cabo a solicitude de rexistro, depósito e publicación de convenios.

Foto

Mesa negociadora do convenio de eventos culturais



—  
**MEMORIA**  
**2012**

## **ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA**

### **OBSERVATORIO GALEGO DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA**

A intervención do Consello no día a día da negociación colectiva galega ten este ano 2012 unha importancia capital. As organizacións sindicais e empresarial que integran o Observatorio Galego da Negociación Colectiva teñen en conta que esta materia é o instrumento esencial para autorregular as condicións de traballo que teñen as empresas e as persoas traballadoras, polo que a tarefa de promoción e impulso da negociación colectiva, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva, centra este ano o traballo deste órgano colexiado.

As reformas laborais levadas a cabo polo Real Decreto-lei 7/2011, do 10 de xuño, de medidas urxentes para a reforma da negociación colectiva, polo Real Decreto-lei 3/2012, do 10 de febreiro e posteriormente, pola Lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral modifican substancialmente o modelo existente de negociación colectiva. Os cambios introducidos por estas reformas e a gravidade da crise económica actual fan máis necesario que nunca o traballo do observatorio.

Durante o ano 2012 este órgano colexiado celebrou seis xuntanzas, nas

que foron desenvolvéndose as seguintes liñas de actuación:

1. Elaborar unha recomendación ás comisións negociadoras recordándolles a obriga de que hai un prazo de un ano para que os convenios colectivos adapten a súa clasificación profesional, pasando de categorías a grupos profesionais.
2. Elaborar unha recomendación a prol da negociación colectiva sectorial como instrumento de cohesión social, homoxeneización de condicións socioeconómicas e unidade de mercado, respectando en todo caso o ámbito negocial da empresa e a autonomía das partes.
3. Traballar nun acordo marco sobre a estrutura da negociación colectiva ou materias e contidos concretos, aproveitando as posibilidades da reforma para chegar a acordos con maior facilidade.
4. Identificar baleiros na negociación colectiva galega e sectores emergentes nos que se puidera impulsar procesos de negociación.
5. Elaborar algunha cláusula tipo en materias como a inaplicación salarial ou cláusula de sometemento ao AGA nas novas materias introducidas polas reformas.
6. Elaborar unha recomendación xeral das funcións das comisións paritarias, tendo en conta que nas

—  
**MEMORIA**  
**2012**

últimas reformas se reforzou a súa intervención, e distribuíla por toda a xeografía galega.

Polo seu interese, reproducense a continuación aquelas recomendacións que, tras intensos debates, foron consensuadas polas distintas organizacións que constitúen o Consello.

**Criterios en materia de clasificación profesional**

De conformidade coa Lei 3/2012 do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, establécense unha serie de obrigas en materia de clasificación profesional. Atendendo a estas, o observatorio de negociación colectiva do Consello Galego de Relacións Laborais ven a sinalar, na xuntanza celebrada o día 13 setembro de 2012, unha serie de pautas ou criterios a ter en conta na transición que se ten que producir nesta materia:

- 1º.** Antes do **7 de xullo de 2013** os convenios colectivos vixentes deben adaptar o seu sistema de clasificación profesional pasando de categorías a grupos profesionais.
- 2º.** Enténdese por **grupo profesional** o que agrupe unitariamente as aptitudes profesionais, titulacións e contido xeral da prestación, e poderá incluír distintas tarefas, funcións, especialidades profesionais ou responsabilidades asignadas á persoa traballadora. A definición dos grupos profesionais

axustarase a criterios e sistemas que teñan por obxecto garantir a ausencia de discriminacións directas e indirectas entre homes e mulleres.

- 3º.** A adaptación do sistema de clasificación profesional poderase realizar creando unha **comisión negociadora ad hoc**, que deberá respectar en todo caso as regras de lexitimidade e representatividade para negociar o convenio colectivo.
- 4º.** No momento de chegar a un acordo, este deberá ser obxecto dos trámites de **registro telemático, depósito e publicación**, iguais aos que se seguen respecto do texto completo dun convenio colectivo.
- 5º.** Tendo en conta que a implantación dun sistema de clasificación profesional en grupos pode supoñer unha alteración relevante respecto dos métodos baseados en categorías profesionais, poderíase contemplar a creación dunha **comisión técnica paritaria** para afondar e aclarar as cuestións que xurdan no seu desenvolvemento durante a vixencia do convenio.
- 6º.** A clasificación en grupos profesionais deberá seguir **criterios** xerais obxectivos e ter en conta as tarefas e funcións básicas mais representativas que desenvolvan as persoas traballadoras. Así mesmo, poderanse ter en conta elementos como: coñecementos

—  
**MEMORIA**  
**2012**

e experiencia, autonomía no desenvolvemento do posto de traballo, responsabilidade, grao de supervisión e ordenación das tarefas ou a complexidade do posto de traballo, entre outros.

- 7º. No proceso de negociación para o novo sistema de clasificación profesional en grupos profesionais, na implantación efectiva deste, así como nos trámites de rexistro telemático do acordo, o **Consello Galego de Relacións Laborais** está a disposición das partes negociadoras para calquera asistencia ou apoio técnico que precisen.
- 8º. No caso de bloqueos na negociación, as partes teñen ao seu dispor os mecanismos de solución extraxudicial de conflitos previstos no **AGA**.

**Clausula de inaplicación de condicións de traballo**

Coa reforma da Lei 3/2012 de 6 de xullo, o contido mínimo que deben ter os convenios colectivos variou substancialmente. O artigo 85. 3 do ET sinala entre outros aspectos, que forman parte do contido mínimo: “Os procedementos para solventar de maneira efectiva as discrepancias que poidan xurdir para a non aplicación das condicións de traballo a que se refire o artigo 82.3, adaptando, no seu caso, os procedementos que se establezan a este respecto nos acordos interprofesionais de ámbito esta-

tal ou autonómico conforme ao disposto en tal artigo”. De acordo con isto o observatorio da negociación colectiva do Consello Galego de Relacións Laborais, acordou a redacción da seguinte cláusula tipo nesta materia, que se recomenda incluír no texto dos convenios colectivos a negociar, sen prexuízo da autonomía e independencia propias dos suxeitos negociadores nos distintos ámbitos.

As empresas pertencentes a este sector, previo acordo coa representación legal dos traballadores, poderán proceder á inaplicación das condicións de traballo previstas neste convenio colectivo, en materia de xornada de traballo, horario e distribución do tempo de traballo, réxime de traballo a quendas, sistema de remuneración e contía salarial, sistema de traballo e rendemento, funcións que excedan os límites previstos no artigo 39 do ET ou melloras voluntarias da acción protectora da Seguridade Social, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 82.3 do ET.

Enténdense que concorren estas circunstancias cando dos resultados da empresa se desprenda unha situación económica negativa, en casos tales como a existencia de perdas actuais ou previstas ou a diminución persistente do seu nivel de ingresos ordinarios ou vendas. Entenderase que a diminución é persistente se durante dous trimestres consecutivos o nivel de ingresos ordinarios ou vendas de cada trimestre é inferior

—  
**MEMORIA**  
**2012**

ao rexistrado no mesmo trimestre do ano anterior. Así mesmo, cando se produzan cambios coma, entre outros, no eido dos medios ou instrumentos de produción, no eido dos sistemas e métodos de traballo do persoal ou no xeito de organizar a produción ou cando se produzan mudas, entre outras, na demanda dos produtos ou servizos que a empresa pretende colocar no mercado.

Procedemento: por acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores lexitimados para negociar un convenio colectivo conforme ao previsto no artigo 87.1, previo desenvolvemento dun período de consultas nos termos do artigo 41.4, do ET (que poderá substituírse polo procedemento de mediación previsto no AGA). O inicio do período de consultas será notificado á comisión do convenio colectivo do ámbito superior á empresa.

Nos supostos de ausencia de representación legal dos traballadores nas empresas, entenderase atribuída esta aos sindicatos máis representativos do sector que estivesen lexitimados para formar parte da comisión negociadora do convenio colectivo de aplicación, salvo que os traballadores atribúisen a súa representación a unha comisión designada conforme ao disposto no artigo 41.4 do ET.

Cando o período de consultas finalice con acordo presumirase que concorren as causas xustificativas aludidas,

e só poderá ser impugnado ante a xurisdición competente pola existencia de fraude, dolo, coacción ou abuso de dereito na súa conclusión. O acordo deberá ser notificado á comisión paritaria do convenio colectivo, así como á autoridade laboral a efectos do seu depósito.

O acordo de inaplicación deberá determinar con exactitude as novas condicións de traballo aplicables na empresa e a súa duración, que non poderá prolongarse máis aló do intre no que resulte aplicable un novo convenio en dita empresa.

No caso de falta de acordo no período de consultas, as partes afectadas someteranse con carácter inmediato aos medios de solución extraxudicial de conflitos previstos no AGA nos termos previstos neste, previo paso pola comisión paritaria do convenio, se así o solicita calquera das partes.

**Cláusula tipo de  
sometemento ao AGA**

Por mor da importancia que ten para a resolución pacífica de conflitos laborais o Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), asinado entre a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e as organizacións sindicais UGT-Galicia, CC.OO e CIG, as partes asinantes do presente convenio, durante a súa vixencia, acordan, con carácter xeral, someter ás disposicións contidas no AGA, a resolución de calquera

**MEMORIA  
2012**

discrepancia ou conflito derivados da interpretación ou aplicación do contido deste convenio.

En particular, acordan someter ás disposicións contidas no AGA nos propios termos en que están formuladas, a resolución dos conflitos ou discrepancias xurdidas no seo da comisión paritaria, os bloqueos na revisión deste convenio, así como, entre outros, os xurdidos durante ou á finalización da negociación dos períodos de consulta esixidos nos procedementos de mobilidade xeográfica, modificación substancial e inaplicación de condicións de traballo ou desvinculación salarial contempladas no artigo 82.3 do TRLET, sempre e cando afecten a condicións de traballo de carácter colectivo reguladas neste convenio.

**Recomendación sobre as  
comisións paritarias**

O eido das relacións laborais atópase nun proceso continuo de cambio, tanto por razóns socioeconómicas como lexislativas, sendo a capacidade de adaptarse aos cambios elemento esencial de éxito. Partindo desta realidade, a negociación colectiva cumpre un papel fundamental, pola súa proximidade con ese medio cambiante e pola teórica capacidade de adaptación rápida. A negociación dun convenio colectivo non é un proceso que finalice definitivamente coa súa sinatura, senón que se estende e prolonga durante toda a súa vixencia.

Neste contexto, a comisión paritaria, entendida como órgano encargado da administración, interpretación, aplicación e vixilancia do cumprimento dos convenios colectivos, permite ás dúas representacións asinantes do convenio manter unha fluidez na comunicación e dar cumprida resposta aos conflitos que poidan xurdir na interpretación e aplicación de apartados do texto convencional que poden resultar ambiguos ou excesivamente amplos. Permite, así mesmo, unha adaptación a cambios en circunstancias que foron tidas en conta no momento da sinatura e que evolucionaron co tempo, aconsellando unha readaptación dos pactos á nova realidade do medio que deben regular para seren eficaces.

A comisión paritaria recibe dos asinantes dun convenio o encargo capital de xestionar o seu contido e vixiar o seu cumprimento, para que a vixencia se desenvolva dun xeito pacífico e útil para as dúas partes, e mesmo para evitar conflictividade ou desfase de contidos respecto a novos escenarios.

A análise da situación negocial galega amosa unha tradicional marxina-ción das comisións paritarias, sendo moi frecuente que nin tan sequera se cheguen a constituír ou que non cheguen a ter vida útil, perdéndose unha gran oportunidade de aproveitar un elemento dinamizador que suavice unha concepción práctica excesivamente pechada da negociación colectiva, e perdéndose tamén un



importante papel modular e de evitación de conflitos.

De acordo coas últimas reformas da lexislación laboral, os convenios colectivos deben incluír dentro do seu contido mínimo, e polo tanto, constitúen conditio sine qua non: “a designación dunha comisión paritaria da representación das partes negociadoras para entender daquelas cuestións establecidas na Lei e de cantas outras lle sexan atribuídas, así como o establecemento dos procedementos e prazos de actuación desta comisión, incluído o sometemento das discrepancias producidas no seu seo aos sistemas non xudiciais de solución de conflitos, establecidos mediante os acordos interprofesionais de ámbito estatal ou autonómico previstos no artigo 83 do Estatuto dos Traballadores”.

Atendendo a esta regulación legal, e coincidindo na importancia que para o bo clima das relacións laborais ten a existencia de canles axeitados que faciliten a correcta interpretación e aplicación do acordado, así como o papel

que estes canles poden ter na previa evitación do conflito, o observatorio da negociación colectiva do Consello Galego de Relacións Laborais, respectando en todo caso a autonomía dos suxeitos negociadores, pero entendendo que cómpre poñer en valor, potenciar e dar pulo a un maior dinamismo na negociación colectiva, formula a seguinte **RECOMENDACIÓN** á hora de regular as comisións paritarias nos textos convencionais:

- 1º. No texto dos convenios colectivos deberase incluír inescusablemente a **designación dunha comisión paritaria**, para coñecer da súa interpretación e dúbidas da súa aplicación. Sería conveniente que nesa designación se especifique o número de membros que a integran, se regule a posibilidade de suplencias, así como que se concreten as condicións que posibiliten a presenza de asesores, con voz e sen voto.
- 2º. Tendo a comisión paritaria as **funcións que establece a lei**, así como as que as partes lle atribúen, sería

**MEMORIA  
2012**

beneficioso, respecto das primeiras, citalas expresamente a efectos pedagóxicos e de recordatorio. Así, conviría citar expresamente: a recepción da notificación dos acordos de inaplicación de condicións de traballo, a resolución, no prazo máximo de sete días, das discrepancias na obtención destes acordos se así o pide unha das partes, a resolución de calquera dúbida de interpretación, aplicación e vixilancia do cumprimento dos convenios e a intervención preceptiva e previa á sustanciación xudicial ou extraxudicial de conflitos colectivos de interpretación.

**3º.** Na regulación da comisión paritaria deberán establecerse en todo caso **os prazos e procedementos da súa actuación**, así como a remisión da resolución das discrepancias que se produzan no seu seo ao sistema de solución extraxudicial de conflitos. Respecto dos prazos, aconséllase que estean ben concretados e que sexan áxiles, de xeito que permitan análises sosegadas das cuestións que se susciten, pero que non dilaten ou retrasen innecesariamente a súa solución. Respecto dos procedementos de actuación, poderíase contemplar a posibilidade de designación de moderadores das xuntanzas de carácter rotatorio, así como o réxime e persoas encargadas da redacción das actas das xuntanzas e a maioría necesaria para

a obtención de acordos. Respecto dos sistemas de solución extraxudicial de conflitos, remitiase expresamente ao AGA para a solución das discrepancias producidas no seu seo, sendo interesante que se expliciten prazos breves e concretos de remisión a este.

**4º.** No que se refire a **funcións non expresamente recollidas na lei**, pero que as partes teñan a ben atribuírlle á comisión paritaria, convén que estean redactadas de forma clara e precisa, que teñan en conta a realidade da empresa ou sector e as súas condicións cambiantes, e que tendan á maior eficacia práctica do convenio colectivo. Pódese contemplar a función de adaptación do texto do convenio a variacións normativas ou da situación económica da empresa ou sector. No caso de que esta adaptación levara á modificación do texto do convenio durante a súa vixencia, deberá terse en conta a necesidade de incorporar á totalidade dos suxeitos lexitimados para a negociación, aínda que non foran asinantes do convenio colectivo.

**5º.** En moitas ocasións solicítase a intervención da comisión paritaria dun xeito confuso, pouco claro e que, na práctica, obriga a solicitar informacións ou aclaracións suplementarias que dilatan en moito esta intervención. En aras

—  
**MEMORIA**  
**2012**

a facilitar, unificar e clarificar o **acceso á comisión paritaria**, poderíase recoller no texto do convenio a forma de dirixirse á esta e o contido mínimo obrigatorio para que poda examinar e analizar o problema con coñecemento de causa. Concretamente, deberíase indicar a forma escrita e un contido mínimo que inclúa a exposición sucinta e concreta do asunto que se somete á comisión paritaria, as razóns e fundamentos que entenda o propoñente que lle asisten, a petición concreta que se formula e a posibilidade de acompañar cantos documentos se entendan necesarios para a mellor comprensión e resolución do problema.

- 6º.** Resulta aconsellable, para despregar dúbidas, sinalar un **domicilio da comisión paritaria** a efectos de notificacións. A estes efectos, pódese poñer en todo caso, e para calquera comisión paritaria de ámbito sectorial, o domicilio do Consello Galego de Relacións Laborais, (Rúa Algalia de Abaixo, nº 24, 15704 Santiago de Compostela), que trasladará de inmediato aos integrantes da comisión paritaria as comunicacións recibidas e se poñerá ao seu dispor para a asistencia técnica que precise.
- 7º.** O Consello Galego de Relacións Laborais pon á disposición das comisións negociadoras o **apoio e asesoramento** que precisen para

a redacción das cláusulas e preceptos que regulen o papel das comisións paritarias no texto dos convenios a negociar.

**COMISIÓN CONSULTIVA  
AUTONÓMICA PARA A IGUALDADE  
ENTRE MULLERES E HOMES NA  
NEGOCIACIÓN COLECTIVA**

No ano 2009 constitúese no seo do Consello a Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva, cunha finalidade moi clara: o asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega.

Ao longo do ano 2012 a comisión para a igualdade reuniuse en oito ocasións.

**Xuntanza do 20 de xaneiro.** Esta primeira xuntanza ten por obxecto a fixación das actividades para o ano 2012. Apróbase a celebración dunha xornada sobre igualdade e a análise da situación dos plans de igualdade en Galicia e continuar co tema da designación das persoas expertas que van formar parte da comisión.

**Xuntanza do 29 de febreiro.** Débate-se sobre a forma na que se vai realizar a análise dos plans de igualdade.

Así mesmo, acórdase que na xornada sobre igualdade se analice a realidade dos avances da igualdade nos centros de traballo e nas empresas e que se centre na reforma laboral e nos retos de futuro.



Foto

—  
Integrandes da Comisión Consultiva para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva

**Xuntanza do 11 de abril.** Acórdase como título para a xornada sobre igualdade: “Análise da realidade dos avances da igualdade no mundo laboral” e consensúase o seu contido.

Respecto dos plans de igualdade, acórdase que as organizacións estuden os plans dos que teñen coñecemento e presenten a súa proposta na seguinte reunión, seguindo o criterio de que os plans sexan asinados en Galicia e afecten a máis de 250 persoas traballadoras.

**Xuntanza do 30 de maio.** Debátese que plans de igualdade serán obxecto de análise, acordándose seleccionar sete empresas, que teñen publicado o seu plan de igualdade, ás que se solicitará a súa conformidade para participar no estudo.

**Xuntanza do 27 de xuño.** Participa nesta reunión, por delegación da secretaria xeral da Consellería de Traballo e Benestar, a xefa do Servizo da Unidade Administrativa de Igualdade, M<sup>a</sup> Elisa Fernández Pampillón, quen

da conta das funcións desenvolvidas pola unidade.

En relación ao estudo dos plans de igualdade, preséntase a análise realizada polo persoal do Consello dun dos plans para que as organizacións fagan as correspondentes suxestións e as presenten na próxima xuntanza.

**Xuntanza do 26 de xullo.** Debátese o tema da designación das persoas expertas, existindo consenso respecto de dúas, unha proposta pola CEG e outra polas organizacións sindicais, pero sen lograr acordo respecto da terceira, polo que queda pendente para a próxima reunión.

Respecto da análise dos plans de igualdade, tense en conta a proposta feita pola representante de UGT-Galicia e que completa o modelo de estudo realizado polo Consello.

**Xuntanza do 5 de setembro.** Dáse por finalizada a selección das persoas expertas que van formar parte desta comisión, sendo finalmente designadas

—  
**MEMORIA**  
**2012**

M<sup>a</sup> Xosé Rodríguez Galdo, Milagros Otero Pardo e Montserrat Villarino Pérez, as tres cunha gran experiencia en materia de xénero.

Apróbase definitivamente o programa da xornada en materia de igualdade que terá lugar no salón de actos do Museo Pedagógico de Galicia (Mupega) o 17 de outubro.

**Xuntanza do 29 de novembro.** Faise en primeiro lugar unha valoración da xornada sobre igualdade, celebrada o 5 de setembro.

Así mesmo, preséntase un avance do estudo que se está a realizar sobre os plans de igualdade en Galicia.

## **CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS**

Clausura do XXII  
Curso Superior de  
Relacións Laborais

—

Xornadas sobre a  
reforma laboral

—

Outras xornadas

—

Seminarios para cadros das  
organizacións empresariais e  
sindicais



—  
**MEMORIA**  
**2012**

## **CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS**

### **CLAUSURA DO XXII CURSO SUPERIOR DE RELACIÓNS LABORAIS**

Nos últimos tempos o curso viña tendo un carácter bianual, polo que no ano 2012 clausurouse a vixésima segunda edición. O acto tivo lugar o 8 de xuño no Paraninfo da Universidade de Santiago de Compostela, na Facultade de Xeografía e Historia. M<sup>a</sup> Emilia Casas Baamonde, catedrática de Dereito do Traballo da Universidade Complutense de Madrid, deu a lección de clausura, que tivo como título “A reforma da lexislación procesual”. No acto tamén interviñeron o presidente do Consello Demetrio Fernández López; a secretaria de Em-

prego, Política Institucional e Acción Sociopolítica do S.N. de CC.OO. de Galicia Maica Bouza Seoane; o secretario confederal de Institucional da CIG Manuel Currás Meira; o secretario de Acción Sindical da UGT-Galicia Eladio A. Romero Ares; o director do Departamento de Relacións Laborais e Asesoría Xurídica da CEG José Antonio Neira Cortés; o decano da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela Luis Miguez Macho; e o catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago Javier Gárate Castro, director do curso.

Está previsto que en xaneiro de 2013 o presidente do Consello e o reitor da Universidade de Santiago de



Foto

—  
Clausura do Curso Superior de Relacións Laborais

Páxina

—  
71

Foto  
—  
Clausura Curso Superior  
de Relacións Laborais  
XXII edición)



Compostela asinen un novo convenio de colaboración entre ambas institucións co obxecto da realización dunha nova edición, a vixésimo terceira.

Esta nova edición desenvolverase do 11 de xaneiro ao 12 de xullo de 2013, polo cal non corresponde dar conta dela nesta memoria.

## XORNADAS SOBRE A REFORMA LABORAL

Debido á importancia da última reforma laboral aprobada, o Consello decidiu realizar unha serie de xornadas nas que se abordase esta desde a perspectiva dos elementos esenciais na súa aplicación: a xudicatura, a inspección de traballo e os axentes sociais, sen deixar de lado a interpretación doutrinal.

Nestas xornadas analizouse e debateuse se esta reforma vai ser un elemento decisivo na redución do

desemprego, na mellora da produtividade, na corrección da dualidade do mercado laboral e, en consecuencia, na recuperación da nosa economía. En calquera caso, non cabe dúbida de que a reforma condicionará dun xeito moi notable o devir das relacións laborais dos vindeiros anos.

### Actividade:

Xornada sobre a reforma laboral

- Lugar e data:  
Lugo, 9 de marzo de 2012
- Nº de participantes: 185

Fotos  
—  
Xornada sobre a reforma  
laboral en Lugo





Foto  
—  
Xornada sobre a reforma  
laboral en Pontevedra

**Actividade:**

Xornada sobre a reforma laboral

- Lugar e data:  
Pontevedra, 14 de marzo de 2012
- N° de participantes: 113

**Actividade:**

Xornada sobre a reforma laboral

- Lugar e data:  
A Coruña, 21 de marzo de 2012
- N° de participantes:167

**Actividade:**

Xornada sobre a reforma laboral

- Lugar e data:  
Ourense, 23 de marzo de 2012
- N° de participantes: 88



Foto  
—  
Xornada sobre a reforma  
laboral na Coruña



Foto  
—  
Asistentes á xornada so-  
bre a reforma laboral na  
Coruña



Foto  
—  
Xornada sobre a reforma  
laboral en Ourense

Fotos

Xornada sobre novidades procesuais e laborais das últimas reformas



## OUTRAS XORNADAS

### Actividade:

Xornada sobre novidades procesuais e laborais logo das últimas reformas

- Lugar e data:  
Santiago de Compostela, 15 de xuño
- N° de participantes: 31

Esta xornada técnica de encontro entre o Consello Galego de Relacións Laborais e o Consello Xeral do Poder Xudicial diríxese especificamente aos maxistrados/as e xuíces/as do Social, ás traballadoras e traballadores das asesorías xurídicas das organización sindicais e empresariais e a ás persoas que compoñen o Pleno do Consello. Nela analizáronse os novos problemas e obrigas de aplicación práctica e de dereito transitivo que se formulan como consecuencia dos importantes cambios producidos na lexislación laboral e na lei de procedemento laboral.

### Actividade:

Xornada sobre análise da realidade dos avances da igualdade no mundo laboral

- Lugar e data:  
Santiago, 17 de outubro
- N° de participantes: 90

O Consello Galego de Relacións Laborais acordou a celebración desta xornada co obxectivo de analizar, por un lado, os avances da igualdade no mundo laboral tras a publicación da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral e, por outro, os avances na implantación dos plans de igualdade nas empresas de Galicia.

Esta xornada realízase conforme á proposta da Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva, adscrita organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais, e nela

Foto

Xornada sobre análise da realidade dos avances da igualdade no mundo laboral en Santiago



Páxina



Foto

—  
Xornada sobre análise da realidade dos avances da igualdade no mundo laboral en Ferrol

analizaranse e debateranse cuestións como se a recente reforma laboral contribúe a aumentar a participación das mulleres no mercado de traballo e a avanzar na igualdade efectiva entre mulleres e homes, sobre cómo teñen que facer as empresas para conseguir a cualificación de Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou sobre cal é a visión das organizacións sindicais e empresarial máis representativas en Galicia da igualdade no emprego e nas relacións laborais despois da recente reforma.

#### Actividade:

Xornada sobre novidades procesuais e laborais logo das últimas reformas

- Lugar e data:  
Ferrol, 28 de novembro
- Nº de participantes: 111

Nesta xornada, froito da colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Facultade de Ciencias do Traballo da Universidade da Coruña, analizaronse os novos problemas e obrigas de aplicación práctica e de dereito transitivo que se formulan como consecuencia dos importantes cambios producidos na lexislación laboral e na lei de procedemento laboral.

#### Actividade:

Xornada sobre os despedimentos á vista das últimas reformas

- Lugar e data:  
Vigo, 4 de decembro
- Nº de participantes: 182

Nesta xornada, resultado da colaboración do Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade de Vigo, a través do departamento de Dereito do Traballo desa Universidade e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, analizáronse con detalle os cambios introducidos coas reformas laborais destes tres últimos anos respecto aos despedimentos individuais e aos despedimentos colectivos, así como ás numerosas modificacións de carácter técnico na regulación substantiva destes e no procedemento de impugnación xudicial nesta materia.

Cuestións como a regulación dos despedimentos obxectivos, dos despedimentos nas administracións públicas, do tratamento dos EREs ou dos expedientes concursais, os aspectos procesuais nos salarios de tramitación ou os procesos xudiciais de impugnación dos despedimentos colectivos, serán analizadas esmiuzadamente e debatidas ao longo desta xornada.



Foto

—  
Xornada sobre os despedimentos á vista das últimas reformas en Vigo

Foto

Seminario sobre o contido da negociación colectiva á vista das reformas en Santiago



## **SEMINARIOS PARA CADROS DAS ORGANIZACIÓN EMPRESARIAIS E SINDICAIS**

O Pleno do Consello segue considerando necesario contribuír á formación técnica e á especialización dos cadros das organizacións sindicais e empresariais, tanto no que se refire á negociación colectiva, co obxecto de facilitar esta o máis posible, como en referencia a outros temas que as propias organizacións consideren de interese nun momento concreto.

A continuación faise un breve resumo da actividade desenvolvida neste campo.

### **Actividade:**

Seminario sobre o contido da negociación colectiva á vista das reformas

- Lugar e data:  
Santiago, 5 e 6 de xuño
- N° de participantes: 25  
participantes designados polos sindicatos e a CEG

Este seminario, aprobado polo Pleno do Consello na súa planificación de actividades para o 2012, tivo como obxectivo a análise dos profundos cambios producidos na negociación colectiva e nos seus contidos como consecuencia das sucesivas reformas levadas a cabo recentemente e, sobre todo, do Real decreto 3/2012, do 10

de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

As relatoras neste Seminario foron Consuelo Ferreiro Regueiro, profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela e Pilar Rivas Vallejo, profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Barcelona.

## **PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E ESTUDOS**

Informe sobre a  
situación sociolaboral  
de Galicia en 2011

—  
Estudos e informes de  
iniciativa propia



—  
**MEMORIA**  
**2012**

## **PUBLICACIÓN PERIÓDICAS E ESTUDOS**

### **INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA EN 2011**

Cumprindo o mandato previsto na súa lei reguladora o Consello dá conta anualmente da situación sociolaboral da nosa comunidade a través dun exhaustivo informe, que se ven publicando desde hai vinte anos.

O Pleno do Consello, na súa primeira xuntanza do ano, aprobou a elaboración do Informe 2011, contando para iso co seguinte equipo: Francisco Carballal Lugrís, letrado da Xunta de Galicia; Carlos Domenech de Aspe, inspector de Traballo e Seguridade Social; Marta Puebla Vilariño, funcionaria do Sepe (Servizo Público de Emprego Estatal); Manuel Roca Cendán, catedrático de Tecnoloxía Administrativa; e Francisco Veloso Cermeño, interventor da Seguridade Social. Carmen Cabanas Carlin, funcionaria do Consello, elaborou o capítulo sobre a negociación colectiva galega e Ignacio Bouzada Gil e María José Pérez Señarís, tamén funcionarios do organismo, encargáronse da coordinación técnica e informática. A

súa publicación aprobouse na sesión plenaria do 20 de decembro.

O informe estrutúrase en catorce capítulos e un anexo, distribuídos da seguinte maneira:

- 1.** A economía galega no ano 2011
- 2.** Estrutura empresarial e política industrial
- 3.** Economía social
- 4.** Poboación e mercado de traballo
- 5.** A muller no mundo laboral
- 6.** Inicio da relación laboral
- 7.** Contratación
- 8.** O subsistema de formación profesional para o emprego
- 9.** A negociación colectiva
- 10.** A sinistralidade laboral
- 11.** Conflitividade e medios de solución dos conflitos de traballo
- 12.** A regulación de emprego e o Fondo de Garantía Salarial
- 13.** Protección social
- 14.** Elección sindicais

O anexo céntrase, de xeito puramente estatístico, en emprego e investimento público.

O Informe finaliza coas **conclusiones** do equipo autor, que reproducimos a

**MEMORIA**  
**2012**

continuación, xa que resumen o máis salientable da situación sociolaboral galega en 2011:

**Primeira.** O crecemento económico galego en 2011 foi dun 0,3%, por baixo da media estatal (0,7%) ou da Unión Europea (1,5%).

No período 2008–2011, a diminución media do PIB de Galicia (-1,02%) quedou a un nivel parello á media española (-1,05%).

**Segunda.** A favorable evolución do comercio internacional galego en 2011 (suba dun 8,1% do valor das exportacións e baixada dun 5,5% do valor das importacións) foi o factor clave para conseguir o crecemento do PIB (aínda que fose lixeiro). A taxa de cobertura do comercio galego co estranxeiro quedou nun valor moi positivo (132%), con 16,6 puntos porcentuais máis que no ano 2010. Pola contra, incrementouse o déficit comercial que presenta Galicia co resto das comunidades autónomas, baixando a taxa de cobertura nun 6%.

**Terceira.** A inflación de Galicia en 2011 foi dun 2,5%, seis décimas por debaixo da do ano anterior, nun nivel parello á suba media dos prezos ao consumo na media estatal no último ano.

**Cuarta.** De acordo cos datos do Directorio Central de Empresas do INE, o número de empresas decreceu por terceiro ano consecutivo nas catro provincias galegas. As empresas galegas diminúen ao inicio de 2011 en

2.339, cun decaemento do 1,18% con respecto ao ano anterior- representan o 6 % do total estatal, das que ao redor da metade non teñen asalariados (capítulo 2).

**Quinta.** O gasto en I+D de Galicia supón para o ano 2010 (último dato dispoñible) o 0,96% do PIB, unha porcentaxe igual ao do ano anterior, lonxe da media estatal española (1,39%) que medra anualmente unha centésima.

**Sexta.** Galicia conta con 48 sociedades laborais inscritas no ano 2011. Nelas, 129 son socios de traballo e 29 de capital. Respecto das cooperativas inscritas no ano 2011 rexístranse un total de 48, cun total de 1.459 socios. Tanto o número de sociedades laborais como o de cooperativas ven minguando nos catro últimos anos, sendo unha clara manifestación da desaceleración económica que vive o sector. Por provincias, o maior número de cooperativas inscritas rexístrase na Coruña cun total de 17 e Pontevedra con 12.

**Sétima.** No ano 2011 baixou menos o emprego en Galicia (-1,8%) que na media española (-3,3%).

A taxa de ocupación galega diminuíu en 2011 nun 0,7% e na media do Estado máis do dobre (1,6%). Xa que logo, pechouse nun punto o diferencial entre as taxas de ocupación de España e Galicia.

**Oitava.** A poboación desempregada subiu un 18% en Galicia no ano 2011

**MEMORIA  
2012**

(e o crecemento medio estatal foi dun 12,3%). A taxa de desemprego de Galicia en 2011 foi dun 18,3%, o que supón quedar 4,6 puntos porcentuais por baixo da media española.

**Novena.** Os datos do paro rexistrado reflicten un aumento do 8,82%. No conxunto de España produciuse una subida do 7,86%.

A taxa de paro rexistrado alcanza o 19,66% en 2011, presentando un peor comportamento no caso das mulleres, chegando ao 21,66%, fronte ao 17,92% do colectivo masculino, pero cunha tendencia a reducir as diferenzas.

Por sectores de actividade, é no sector servizos onde mais demandantes de emprego se concentran, pero é no sector da construción onde se experimentou o maior aumento no 2011, cun 16,29% de incremento.

**Décima.** Mantense unha maior representación dos homes na contratación (51,34%) fronte ás mulleres (48,66%) que vai unida a un maior uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (65,787%) e cunha redución nas contratacións indefinidas a mulleres, chegando en 2011 ao 41,12%.

Hai que destacar que seguen existindo modalidades contractuais eminentemente femininas como a de interinidade (72,76 %), a de fomento de emprego e a de prácticas que volve a superar aos concertados con ho-

mes. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadora de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen a maioría feminina.

**Undécima.** Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas, etc.), as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 23% (24,8% en 2010) inferior ao do home e o 33,36% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais o inferiores ao salario mínimo interprofesional.

O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 82% das prestacións recibidas polos homes. De igual forma, as pensionistas galegas tan só percibiron como media o 73,96% das pensións do grupo de homes.

**Duodécima.** As excedencias para o coidado de familiares foron solicitadas por mulleres no 83,6% dos casos. Porcentaxes similares danse nas excedencias por coidado de fillo/a (93,7% de mulleres). Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos e nenas e adultos enfermos, incapacitados/as ou maiores, o 96,11% son mulleres.

**Décimo terceira.** No ano 2011 redúcense as contratacións en 9.096 contratos.

MEMORIA  
2012

Do total de contratos rexistrados, o 92% fórono baixo unha modalidade de duración temporal, e só o 8% o foron de forma indefinida.

A modalidade contractual máis utilizada segue sendo o contrato eventual por circunstancias da produción (42,11% dos contratos iniciais). En segundo lugar, atópase o contrato de obra ou servizo determinado (35,81% dos contratos iniciais). O contrato de interinidade é un dos poucos que veu aumentada a súa representación.

A contratación temporal no sector privado chegou ao 23,7% no colectivo masculino e ao 27,4% no feminino. No sector público situouse no 17,3% e 26,8% para homes e mulleres, respectivamente. A rotación dos asalariados galegos foi de 3,14 contratos eventuais por cada traballador e a rotación das asalariadas galegas alcanzou os 2,77 contratos.

**Décimo cuarta.** Con datos da Seguridade Social, no ano 2011 diminúen globalmente as cifras de empresas en alta, sendo a excepción os réximes especiais agrario e do mar, resaltando que o 88,3% das empresas teñen menos de 10 persoas traballadoras, e a ocupación elevada de persoas traballadoras en empresas cuxa titularidade corresponde a persoas xurídicas.

**Décimo quinta.** Continúan a facerse patentes os efectos da crise en 2011 e o número de afiliados/as á Seguridade Social diminúen en media anual en 22.800, tras a baixa de 22.200 en

2010 e 42.900 en 2009. O descenso dos activos/as prodúcese en todos os sectores da actividade, en especial na construción: o 11,65%.

**Décimo sexta.** A relación activos/pasivos no sistema da Seguridade Social ven a afondar en 2011 o signo negativo: maior incremento dos perceptores de prestacións en relación cos afiliados, producíndose en Galicia unha diminución de 5 décimas e pasando a representar 1,35 cotizantes por pensionista, fronte ao 1,97 do conxunto do Estado (seis décimas menos que en 2010).

**Décimo sétima.** Diminúen en computo anual ao fin de 2011 as afiliacións á Seguridade Social no colectivo das mulleres en preto de 7.216 cotizantes, se ben estas pasan a representar en decembro do citado ano o 47,32% do total dos afiliados /as en Galicia.

**Décimo oitava.** Da formación de demanda dirixida á poboación ocupada en Galicia beneficiáronse 36.726 empresas, das cales o 44,3% foron as pequenas e medianas empresas de entre 1 e 49 asalariados.

Na devandita formación participaron en total 170.482 persoas, realizándose ata 5.400.651 horas de formación. Do total de participantes formados, 103.096 foron homes (un 60,47%) fronte a 67.386 (un 39,53%) participantes mulleres. A maior porcentaxe de participantes concentrábase nos dous grupos de idade de entre de 26 a 45 anos en ambos sexos.

—  
**MEMORIA**  
**2012**

Un 49,2% dos participantes completaron a súa formación de xeito presencial, mentres que un 29% o fai a distancia, producíndose unha combinación mixta de ambos os dous modelos nun 16,7% de casos.

As accións formativas con maior número de participantes son Prevención de riscos laborais en xeral (24,4%), Xestión de Recursos Humanos (6,7%) e Manipulación e Control (5,9%).

**Décimo novena.** O total de accidentes en xornada de traballo experimentou, en 2011, un descenso do 15,21%, sendo máis significativa a diminución nos accidentes mortais cun 18,46%. Mantense, polo tanto, a tendencia decrecente que, coa excepción do ano 2003, se iniciou no ano 2008. Na clasificación por actividades económicas dos accidentes, a construción segue sendo, con gran diferenza, a actividade que máis sinistralidade rexistra.

**Vixésima.** Galicia, no total de accidentes, está por riba do índice de incidencia estatal, tendo cinco comunidades maior índice de incidencia. No índice de incidencia referido a accidentes mortais, Galicia ocupa o segundo lugar das comunidades autónomas, cun índice que está 2,5 puntos por riba da media estatal. Na evolución destes índices en Galicia, obsérvase claramente unha diminución en relación cos anos anteriores.

**Vixésimo primeira.** O número de convenios colectivos que existen en Ga-

licia a 31 de decembro de 2011, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, é de 830, dos cales 126 son de sector e 704 de empresa.

Asináronse por primeira vez este ano 17 novos convenios (todos de empresa), continuando deste xeito a tendencia ao incremento do seu número.

**Vixésimo segunda.** O incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados en 2011 foi do 2,82%. Esta media é superior ao IPC galego deste ano, que foi do 2,5% e tamén ao estatal que foi do 2,4%.

O 36,97% dos convenios asinados e o 53,33% dos revisados recollen cláusulas de revisión salarial, mentres que o 53,85% dos convenios colectivos de sector asinados en 2011 recollen cláusulas de desvinculación salarial.

O 94,96% dos convenios asinados recollen cláusulas sobre saúde laboral.

O 65,55% dos convenios asinados recollen cláusulas sobre discriminación e/ou acoso.

O 15,97% dos convenios asinados recollen cláusulas sobre o idioma.

En 9 convenios (1 de sector e 8 de empresa) indícanse a distribución irregular da xornada e noutros 17 (5 de sector e 12 de empresa) indícase a posibilidade de establecela.

O número de convenios colectivos que recollen cláusulas de sometemento ao

—  
**MEMORIA**  
**2012**

AGA foi de 54 convenios, o 45,38% do total dos asinados.

Existen cláusulas sobre fomento da contratación indefinida en 49 convenios (41,18% dos asinados) que afectan a 62.072 traballadores/as (45,35%), sendo 16 deles de sector e 33 de empresa.

**Vixésimo terceira.** O número de folgas provinciais realizadas experimentou un claro descenso na relación cos anos anteriores, aínda que se aprecia un incremento no número de días de folga, traballadores participantes e xornadas non traballadas.

**Vixésimo cuarta.** En expedientes de regulación de emprego, tanto os expedientes como o número de traballadores afectados incrementáronse sensiblemente, o que reflicte que continúa a situación que, durante estes últimos anos, afecta gravemente ao mundo laboral.

**Vixésimo quinta.** O número de perceptores/as da prestación económica de desemprego tras o aumento de máis dun 38% en 2009 e o 14,88% en 2010, diminúen en 2.800 situándose en 146.900 en media anual que supoñen só o 5,16% do total estatal. A metade dos perceptores en Galicia o son dunha prestación asistencial (subsídio ou renda activa de inserción).

**Vixésimo sexta.** Analizando os resultados dos procesos electorais en Galicia durante o período de catro anos, e tendo en conta os representantes con mandato en vigor a 31 de decembro de 2011, a central sindical UGT, cun 30,23% do total, é a que obtivo maior número de representantes (5.337), seguida de CC.OO. e da CIG cun 29,61% e un 26,04%, respectivamente (5.228 y 4.597 representantes), acadando o 14,13% o resto das centrais sindicais e grupos de traballadores (2.494 representantes).

---

## **ESTUDOS E INFORMES DE INICIATIVA PROPIA**

O artigo 3º. 2.a) da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello, que enumera as súas funcións, establece como unha delas a de elaborar e remitir, a iniciativa propia, estudos e informes aos organismos da comunidade autónoma e formularlles propostas en materia de política laboral.

## **ESTUDO SOBRE O EMPREGO, CONTRATACIÓN E TEMPO DE TRABALLO NOS CONVENIOS COLECTIVOS SECTORIAIS DE GALICIA 2012**

O Pleno do Consello, na súa xuntanza do 15 de febreiro de 2011, aprobou encargar ao observatorio da negociación colectiva o estudo sobre o papel da negociación colectiva na organiza-

—  
**MEMORIA**  
**2012**

ción do traballo, incluíndo un capítulo específico sobre o emprego.

O observatorio considerou de moi difícil execución o devandito estudo e propuxo a realización doutro sobre o tempo de traballo e o emprego na negociación colectiva galega, no que se incluíría unha análise da xornada, das quendas, das horas extraordinarias, da conciliación da vida familiar e laboral, así como de cláusulas sobre emprego e modalidades de contratación e subcontratación tanto sectorial como de empresa. Para este estudo teríase en conta o último e o antepenúltimo convenio sectorial de todos os sectores e algún significativo convenio de empresa que aportase novidades respecto destas materias. Analizaríanse convenios colectivos sectoriais, provinciais e a súa articulación cos convenios nacionais.

O estudo encargouse a Javier Gárate Castro e a Jaime Cabeza Pereiro, catedráticos de Dereito do Traballo, e concluíuse en 2012. Foi editado en formato dixital no mes de setembro e prevese que se publique na páxina web do Consello.

**ESTUDO SOBRE PLANS DE IGUALDADE**

No ano 2011 a Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva acordou a realización dun estudo exhaustivo sobre a situación dos plans de igualdade na comunidade autónoma.

Ao longo de 2012 o persoal do Consello, baixo a supervisión da referida comisión, analizou os plans de igualdade de tres das sete empresas cuxos plans serán obxecto de estudo: Borgwarner Emissions Systems Spain, SL, CRTVG e as súas sociedades e Severiano Servicio Móvil, SA, estando pendente o estudo dos catro plans restantes para 2013.

**ESTUDOS COMPARATIVOS DE CONVENIOS COLECTIVOS**

Neste ano analizáronse todos os convenios asinados en Galicia en 2012 e comparáronse cos asinados en anos anteriores.

Así mesmo, realizáronse as comparativas dos convenios dos seguintes sectores: comercio, panaderías e construción.

**MEMORIA**  
**2012**

## **PERSOAL DO CONSELLO**



—  
**MEMORIA**  
**2012**

## **PERSOAL DO CONSELLO**

De acordo co artigo 14º da lei reguladora, o persoal ao servizo do Consello poderá ser funcionario ou laboral, segundo o establecido na correspondente relación de postos de traballo e rexeráse pola normativa da comunidade autónoma en materia de persoal ao servizo da Administración pública. Actualmente o persoal do Consello é exclusivamente persoal funcionario.

A relación de postos de traballo é a seguinte:

- un posto de secretario ou de secretaria do Consello (30)
- unha xefatura de Servizo Xurídico e de Solución de Conflitos (28)
- unha xefatura de Servizo de Negociación Colectiva e Xestión de Convenios (28)
- unha xefatura de Sección de Xestión Orzamentaria (25)
- unha xefatura de Sección de Informes e Publicacións (25)
- unha xefatura de Sección de Habilitación e Persoal (25)
- unha xefatura de Sección Xurídica (25)
- unha xefatura de Negociado de Habilitación (20)
- unha xefatura de Negociado (18)
- un posto de secretaria ou de secretario da presidenta ou do presidente do Consello (18)
- un posto de secretaria ou de secretario da secretaria ou de secretario Consello (16)
- dous postos base administrativo (14)
- dous postos base de auxiliar administrativo (12)
- un posto base de ordenanza (10)



Foto

—  
Persoal do Consello Galego de Relacións Laborais

—  
**MEMORIA**  
**2012**

Durante 2012 estivo vacante un posto de traballo.

A unidade administrativa é a Secretaría Xeral, que agrupa as seguintes áreas:

- 1.** Área Xurídica e de Solución de Conflitos. Ten asignada como funcións principais a de apoio á secretaria xeral na análise da normativa estatal e autonómica que incida nas funcións do Consello e na elaboración de informes sobre proxectos normativos sometidos a ditame, así como a de xestionar a tramitación dos expedientes de conciliación e mediación e de arbitraje que se inician ao abeiro do AGA.
- 2.** Área de Negociación Colectiva. Ten encomendada a xestión do programa informático Necol e o seguimento puntual dos contidos dos convenios colectivos e revisións salariais negociadas, así como a elaboración periódica dos distintos informes demandados sobre a negociación colectiva en Galicia.
- 3.** Área de Estudos, Informes e Publicacións. Asume as funcións de elaboración e coordinación dos estudos e informes que se realizan a iniciativa propia e das publicacións periódicas que edita o Consello, entre as que destacan a de Ditames emitidos, a memoria de actividades do organismo e o Informe anual sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia.

**4.** Área de Xestión de Persoal, Administración e Xestión Económica. Ten encomendada a xestión de persoal, a administración do organismo e a contratación e servizos de mantemento, así como o seguimento e control do orzamento do Consello e a xestión económica e contable. Así mesmo, é a encargada da organización de cursos, seminarios e encontros de debate social, entre os que destaca o Encontro Galego de Relacións Laborais que se celebra anualmente e o Curso Superior de Relacións Laborais.

**5.** Área de Documentación e Arquivo. Xestiona a documentación técnica, as bases de datos documentais e o arquivo documental e fondo bibliográfico do Consello.

A continuación, reflíctese, por orde alfabética, a relación de traballadoras e traballadores que durante 2012 prestaron os seus servizos no Consello:

- Celso Araujo Castro
- Ignacio Bouzada Gil
- Carmen Cabanas Carlín
- Eva Camino Fernández
- Ernestina Campo Fernández
- M<sup>a</sup> Jesús Díaz Lorenzana
- Gumersindo Donas Vázquez
- Borja Fernández Eiras
- Silvia García Roca
- Paloma Gómez Moares
- Ana Iglesias Pardo
- Zeltia Lado Lago
- Marisa Peña Cebreiro
- M<sup>a</sup> José Pérez Señarís
- Beatriz Rivas Bibian

## GASTOS ORZAMENTARIOS

|                                                                                                 | 2011                | 2012              |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------------------|
| Arrendamentos                                                                                   | 7.906,83            | 7.686,13          |
| Reparacións, mantemento e conservación                                                          | 6.963,53            | 5.845,45          |
| Material de oficina                                                                             | 11.594,70           | 5.584,61          |
| Subministracións                                                                                | 8.881,30            | 6.806,77          |
| Comunicacións                                                                                   | 4.935,15            | 1.969,59          |
| Publicidade e propaganda                                                                        | 1.770,00            | 332,76            |
| Gastos diversos                                                                                 | 42.916,15           | 24.280,93         |
| Reunións e conferencias                                                                         | 102.310,71          | 23.000,00         |
| Limpeza e aseo                                                                                  | 11.109,36           | 10.803,50         |
| Seguridade                                                                                      | 9.289,08            | 9.420,38          |
| Estudos e traballos técnicos                                                                    | 51.542,70           | 16.247,00         |
| Publicacións                                                                                    | 48.004,24           | 18.024,77         |
| Indemnizacións por razón do servizo                                                             | 3.917,41            | 3.598,97          |
| Outras indemnizacións                                                                           | 252.000,00          | 202.000,00        |
| <b>Total gastos servizos exteriores</b>                                                         | <b>563.141,16</b>   | <b>335.600,86</b> |
| <b>Subvención á Universidade de Santiago de Compostela (Curso Superior Relacións laborais)*</b> | <b>55.058,66</b>    | <b>38.034,53</b>  |
| <b>Gastos de capital</b>                                                                        | <b>148,44</b>       | <b>11.700,00</b>  |
| <b>TOTAL gastos</b>                                                                             | <b>618.348,26</b>   | <b>385.335,39</b> |
| <b>TOTAL gastos de persoal</b>                                                                  | <b>583.398,30</b>   | <b>576.643,06</b> |
| <b>TOTAL GASTOS</b>                                                                             | <b>1.201.746,56</b> | <b>961.978,45</b> |





